


# 1

## Comprendo un correo electrónico

PROGRAMA DE AMPLIACIÓN

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_



### 1 Completa coas diferentes partes do correo electrónico.

- Saúdo

\_\_\_\_\_

- Corpo do texto coa mensaxe (escribe o principio e o final)

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

- Despedida

\_\_\_\_\_

- Sinatura

\_\_\_\_\_

**2 Responde estas preguntas.**

- Quen escribe o correo electrónico? \_\_\_\_\_
- Quen o vai recibir? \_\_\_\_\_
- Onde vive agora Clara? \_\_\_\_\_
- Por que tivo que marchar? \_\_\_\_\_

**3 Sinala en que vacacións volverá Clara a Boiro.**

- Polas vacacións de Nadal.
- Polas vacacións de Semana Santa.
- Polas vacacións do verán.



**4 Que relación hai entre Clara e Ester? Responde.**

\_\_\_\_\_

**5 Imaxina un motivo para escribir un correo electrónico a alguén ou escolle un destes.**

- Despedirte de alguén.
- Preguntar unha dúbida dos deberes.
- Facer as paces con alguén.
- Falar cun amigo que tes lonxe.

**6 Agora escribe a túa mensaxe de correo electrónico. Lembra as partes que ten.**

Para: \_\_\_\_\_

Tema: \_\_\_\_\_

De: \_\_\_\_\_

---



---



---



---



---



---

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

*Momentos redondos!*

# Pizzería Venezia

*Na pizzería Venezia as pizzas son máis crocantes, máis saborosas e máis grandes!*

**E agora, servizo a domicilio!**

R/ Illote, 11 Tel. 643 454 566

**1** Un anuncio adoita ter diversas partes. Relaciona cada unha coa súa descrición.

Slogan

Explica as características básicas do produto anunciado.

Texto informativo

É unha mensaxe breve que pretende chamar a nosa atención e animarnos a mercar o produto.

Texto complementario

Informa de cuestións prácticas, como onde se pode adquirir o produto e como nolo poden facer chegar.

**2** Agora responde estas preguntas sobre o anuncio anterior.

- Que se anuncia neste cartel? \_\_\_\_\_
- Cal é o texto que informa do produto? \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_
- Cal é o slogan? \_\_\_\_\_
- Que outra información se dá? \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

**3** Explica cal cres que é a función da imaxe no anuncio da pizzería.

---

---

**4** Que debes ter en conta para facer unha cuña publicitaria? Marca as afirmacións correctas.

- Unha cuña publicitaria é un espazo dedicado a anunciar un produto na radio.
- Unha cuña publicitaria é unha parte dun programa de radio.
- A cuña publicitaria ha de ser breve e clara.
- Canto máis longa é unha cuña publicitaria, mellor.
- Na radio non hai imaxes; por iso, nas cuñas publicitarias hai que chamar a atención dos oíntes coa música, cos cambios do ton de voz, coa expresividade...

**5** Elabora o texto para a cuña publicitaria do anuncio da páxina anterior.

---

---

---

---

---

---

---

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

Valdeluz é unha cidade moderna, de amplas avenidas arboradas e cheas de flores, e prazas abertas ao ceo. Un ceo que case sempre está claro, con algunha nube debuxada.

Ao fondo da avenida principal está a praza do Concello. Das dúas rúas que saen da praza, os edificios semellan agullas que se dirixen cara arriba para atrapar o sol e as nubes. Os rañaceos aínda parecen máis altos do que en realidade son.

As fachadas de cristal dos edificios reflicten a luz e aínda enchen máis de vida as rúas, polas que a xente transita rapidamente, sen parar, á beira dos vehículos ruidosos. Coches, autobuses, taxis, viandantes... todos cara arriba e cara abaixo nun tráfico incesante.



### 1 Responde estas preguntas.

- Que se describe neste fragmento: os personaxes, os feitos ou o lugar?

\_\_\_\_\_

- Onde se sitúa a escena? \_\_\_\_\_

- Como é este lugar segundo a descrición: alegre, desagradable, tenebroso, desolado, primaveral, bulicioso, tranquilo...? \_\_\_\_\_

- Que elementos dunha cidade moderna se mencionan? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

**2** Fai unha lista con todos os adxectivos que saen no texto.

---



---

**3** Relaciona cada elemento co termo correspondente e explica que son.



rañaceos

fachada

avenida arborada

- ---
- ---
- ---

**4** Explica coas túas palabras o significado da oración *Os edificios semellan agullas que se dirixen cara arriba para atrapar o sol e as nubes.*

---



---

**5** Describe brevemente a localidade onde vives ou ben aquela onde esteas.

---



---



---



---



---



---



---

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_



**Manteigadas de chocolate**

**INGREDIENTES**

- 125 gramos de manteiga.
- 125 gramos de azucre.
- 150 gramos de fariña.
- 1 culleriña de lévedo.
- 2 ovos.
- 2 culleradas de cacao en po.
- 25 gramos de chocolate negro para fundir.
- Moldes de papel.

**PREPARACIÓN**

- 1 Funde a manteiga e, cando estea líquida, engádelle un e un os outros ingredientes: o azucre, a fariña, o lévedo, os ovos previamente batidos e o cacao en po.
- 2 Engádelle o chocolate negro fundido e mestúrao ben.
- 3 Fai bólas de pasta e colócaas nos moldes de papel.
- 4 Finalmente, pono todo no forno a 180 °C durante uns 15 minutos.

**1** Responde estas preguntas.

- Que explica este texto? \_\_\_\_\_
- De que tipo de texto se trata?  
 Instrutivo.       Informativo.       Argumentativo.       Descritivo.
- Cantas partes ten o texto? \_\_\_\_\_
- Por que cres que están numerados os pasos? \_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_
- Cres que é posible realizar esta receita? \_\_\_\_\_  
 Por que? \_\_\_\_\_

**2** Sinala as condicións que ten que cumprir un texto instrutivo.

- Debe ter un léxico preciso.
- As oracións teñen que ser breves e claras.
- As oracións teñen que ser moi longas.
- As oracións teñen que estar ben ordenadas para que se entenda ben o proceso.
- A orde en que se explican as instrucións non importa.
- Na parte da preparación hai que utilizar verbos en imperativo.
- Na parte da preparación hai que utilizar verbos en futuro.

**3** Risca os textos que non sexan instrutivos.

Folleto que explica como montar unha bicicleta.

Definicións dun dicionario.

Receita para facer un pastel de queixo.

Comentario sobre unha película da carteleira.

Folleto en que se explica como funciona a consola de xogos.

**4** Escribe un texto instrutivo a partir das imaxes. Non esquezas indicar os ingredientes.



PAN CON TOMATE

---



---



---



---



---



---



---



Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

**A princesa do sal**

Unha vez, xa hai moito tempo, nun reino afastado vivía un rei que tiña tres fillas.

Un día preguntoulles ata que punto elas o querían.

–Eu quérote coma o pan –contestoulle a filla máis vella.

–Eu quérote coma o viño –contestoulle a mediana.

–Eu quérote coma o sal –contestoulle a máis nova.


–Se me queres coma o sal, xa podes saír polo portal –díxolle o rei, moi enfadado. E botouna fóra do palacio.

Ao cabo duns cantos anos, o día do seu casamento, a filla pequena convidou o rei pero el non a recoñeceu. Ela mesma preparou o xantar e non lle botou sal ningún.

–Gustovos o xantar, señor? –preguntoulle.

–Esqueceron poñerlle sal. Podo comer sen pan ou sen viño, pero nunca sen sal.

Naquel momento, o rei decatouse de que o sal era moi importante e tamén recoñeceu a súa filla. Pedíulle perdón e, desde aquela, foron felices.

**1 Responde estas preguntas.**

- Quen son os protagonistas do conto? \_\_\_\_\_
- Hai personaxes secundarios? \_\_\_\_\_ Quen? \_\_\_\_\_
- Onde pasan os feitos? \_\_\_\_\_
- Cando pasan os feitos? \_\_\_\_\_
- Que lles pasa aos personaxes? \_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_
- Como se resolve a situación? \_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_

**2** Relaciona cada parte da narración co contido correspondente.

Presentación

- Explicase que lles pasa aos personaxes e como actúan para resolvelo.

Nó

- Cóntase como se resolve a situación e como acaba a historia.

Desenlace

- Preséntanse os personaxes e indícase cando e onde pasan os feitos.

**3** Indica que momento do conto representa cada imaxe: a presentación, o nó ou o desenlace.



\_\_\_\_\_

**4** Escribe un conto breve. Lembra que ten que ter presentación, nó e desenlace.

---



---



---



---



---



---



---



---



---



---



---



---

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

## O xogo do stop

### Como se xoga?

- Cada participante coloca unha folla en posición horizontal e debuxa nela columnas (por exemplo, 5).
- Na parte de arriba de cada columna indícase o tipo de palabra clave que se decida. Por exemplo: *nome de persoa, animal, comida, cor, cidade...*
- En cada quenda, un participante decide a letra con que van xogar. Por exemplo, o B.
- Cada xogador intentará atopar unha palabra de cada clase escollida que comece pola letra decidida: *Bieito, balea, bolo, azul, Berlín...*
- O primeiro que consiga encher a columna berrará «Stop!» e o resto de participantes parará de escribir.
- As palabras correctas que ninguén máis escribise valen 10 puntos e as repetidas, 5 puntos.
- Vólvese comezar con outra letra. Ao final súmanse todos os puntos e gaña quen teña máis.

### Material

Unha folla e un bolígrafo para o participante.

### Participantes

A partir de dous. Sen límite.

### En que consiste?

Hai que escribir, antes ca os demais, unha serie de palabras que comecen por unha letra dada.



## 1 Para que cres que serve o texto anterior? Marca.

- Para dicirnos o que temos que facer en cada momento.
- Para explicar como funciona o xogo e o que hai que facer para xogar correctamente.
- Para describirnos os materiais necesarios e ilos mercar.
- Para facer propaganda dun xogo e vendelo.

**2** De que tipo de texto se trata? Subliña.

- Instrutivo.
- Informativo.
- Argumentativo.
- Descritivo.

**3** Cres que, para que funcione o xogo, os participantes poden ver o que escriben os demais xogadores? Explica.

---



---

**4** Escolle un dos xogos seguintes e completa a ficha.

- |                                   |                                  |                                  |                                      |
|-----------------------------------|----------------------------------|----------------------------------|--------------------------------------|
| <input type="checkbox"/> Parchís. | <input type="checkbox"/> Dominó. | <input type="checkbox"/> Oca.    | <input type="checkbox"/> Os barcos.  |
| <input type="checkbox"/> Mariola. | <input type="checkbox"/> Bólas.  | <input type="checkbox"/> Birlos. | <input type="checkbox"/> Os agochos. |

Material: \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

Número de participantes: \_\_\_\_\_

En que consiste? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_



**5** Explica como se xoga ao xogo que escolliches. Non esquezas ningún dos pasos.

---



---



---



---



---



---


Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

**O xardín**

Hai flores distintas  
dentro do xardín,  
teñen vivas cores  
mirando cara a min.

Son azuis e brancas,  
encarnadas e rosas  
laranxas e amarelas,  
todas moi fermosas.

Vexo unha papoula,  
tulipáns e alelís  
moitas margaridas  
xuntas no xardín.



Hai un <sup>1</sup>arrecendo  
para cada flor,  
mesturado co aire  
dá un fermoso olor.

Os finos pétalos  
que teñen por cabeza  
converten as flores  
en lindas princesas.

Non teñen mans  
senón verdes follas  
e algunhas con espiñas  
para que non as collas.

MARÍA CANOSA, *Vagalume de versos*

<sup>1</sup>arrecendo: forma máis  
recomendable, *recendo*.

**1 Responde estas preguntas.**

- Cal é o título do poema? \_\_\_\_\_
- De que fala o poema? \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_
- Como son as flores? \_\_\_\_\_
- Cantos versos ten o poema? \_\_\_\_\_
- Cantas estrofas ten? \_\_\_\_\_
- Quen é o autor ou autora? \_\_\_\_\_

**2** Marca o sinónimo da palabra destacada nestas secuencias do poema.

- «teñen **vivas** cores»  apagadas  intensas
- «un **recendo** para cada flor»  forma  olor
- «en **lindas** princesas»  feas  fermosas

**3** Le o poema de novo e copia as palabras que acaben de maneira semellante, é dicir, as que riman, nos versos destas estrofas.

- 2.<sup>a</sup> estrofa ▶ \_\_\_\_\_
- 4.<sup>a</sup> estrofa ▶ \_\_\_\_\_

**4** Pinta da mesma cor as palabras que rimen entre si. Ao acabar, completa cada nova estrofa co par de palabras axeitado.

- 

A Lúa, prateada,  
 semella unha \_\_\_\_\_.  
 A súa luz branca  
 ilumina a \_\_\_\_\_.  
 A Lúa, tan brillante,  
 semella unha \_\_\_\_\_,  
 no ceo flotando  
 coma unha \_\_\_\_\_!  
 A Lúa, redonda,  
 parece un \_\_\_\_\_.  
 Gustaríame collela  
 desde o meu \_\_\_\_\_.



Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

### As medusas

As medusas son animais invertebrados que, cando son adultos, viven flotando no mar. Estes organismos transparentes con forma de campá teñen uns tentáculos con células urticantes que utilizan para capturar presas e defendérense, e que nos provoca prído aos humanos cando as tocamos.

Viven afastadas da costa como individuos illados ou formando bancos, pero aproxímanse periodicamente, transportadas polas correntes, ás nosas praias. A chegada de medusas á costa en máis ou menos cantidade é un fenómeno natural que se dá durante a primavera e unha gran parte do verán. Aínda que non se sabe por que pasa, parece que a combinación de determinadas correntes e ventos mariños, así como a temperatura do mar, inflúen na proliferación destes animais.



Se este verán ides á praia e alí vedes algunha, aínda que estea morta, non a toqueades: evitaredes pasar un mal trago en forma de picores e prído que poden chegar a ser insupportables!

#### 1 Explica de que trata o texto.

---



---



---

#### 2 Onde cres que poderías atopar este texto? Marca.

- Nun libro de contos.       Nunha revista de ciencia.       Na noticia dun xornal.

**3** Relaciona estas palabras e expresións da lectura co seu significado.

- |                 |  |
|-----------------|--|
| invertebrado •  | • Que produce urticaria ou proído.                 |
| proliferación • | • Animal carente de columna vertebral.             |
| urticante •     | • Situación complicada, difícil de resolver.       |
| mal trago •     | • Crecemento ou multiplicación rápida dunha cousa. |

**4** Responde estas preguntas.

- Que tipo de animais son as medusas? \_\_\_\_\_
- De que cor son? \_\_\_\_\_
- Que forma teñen? \_\_\_\_\_
- Que teñen nos tentáculos? Para que serven? \_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_
- Onde viven normalmente as medusas? \_\_\_\_\_
- Que efectos teñen sobre os humanos? \_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_

**5** Escolle un tema que che interese. Podes escoller un destes ou outro.

- O cambio climático.                       As abellas.                       O baloncesto.

**6** Busca información sobre o tema escollido e elabora un texto expositivo breve.

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---



Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

### Entrevista ao mago Lari



—Como foi o teu primeiro contacto co mundo da maxia?

—Como moitos magos, descubrín a maxia grazas ao xogo *Maxia Borrás*.

—Lembras o teu primeiro truco de maxia?

—Creo que o inventei eu mesmo. Poñía un boneco Madelman dentro dunha caixa e serrábaa polo medio. Non tiña ningún mérito porque serraba o Madelman polo medio e xa está.

—Cando decidiches que te querías dedicar á maxia?

—Cando tiña catorce anos. Meus pais regaláronme, polo meu aniversario, un libro de maxia que me encantou. Lino moi de présa e cando o acabei, meu pai levome a unha asociación de magos... Fun aprendendo e tiña claro que me quería dedicar á maxia.

—Hai escolas de maxia?

—Non, para a maxia non hai escola. A miúdo apréndese a partir de libros, pero se cho ensina alguén é máis fácil. A maxia vén sendo máis teatro ca outra cousa, e iso non cho ensinan os libros.

—Que pasa cando un truco non sae?

—Ah! Aquí é onde aprendes a saír delas! Os xogos de mans dependen moito do material que utilices e, ás veces, os obxectos fallan. Aprendín a prever o que pode fallar nun número e a pensar as solucións. O máis importante é que o público non o note.

### 1 Responde estas preguntas.

- Quen é o entrevistado? \_\_\_\_\_
- Cal é a súa profesión? \_\_\_\_\_
- Cando decidiu a súa profesión? \_\_\_\_\_
- Como se aprende a maxia? \_\_\_\_\_
- Se o truco non sae, que é o máis importante? \_\_\_\_\_

**2** Observa a entrevista e di que diferenza gráfica hai entre as preguntas e as respostas.

---



---

**3** Imaxina que es o entrevistador e queres seguir facéndolle preguntas ao mago Lari. Esolle as que sexan máis axeitadas.

- Lembras algunha anécdota no escenario?
- Que número de zapato utilizas?
- Que lle dirías a un neno que queira ser mago coma ti?
- Que prefires, o fútbol ou o baloncesto?
- Se volveses nacer, volverías ser mago? Por que?



**4** Esolle un personaxe para entrevistalo. Pode ser un destes ou outro que queiras.

- Un futbolista.
- Un actor ou unha actriz.
- Un escritor.

**5** Escribe as preguntas que lle farías, seguindo unha orde lóxica.

---



---



---

**6** Escribe as respostas que cres que che daría o personaxe que escolliches.

---



---



---



---



---



---



Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_



### Os deberes

Todos temos obrigas. Os pais traballan e nós estudamos. E cales son as nosas obrigas? Ir á clase, seguir o horario, facer as actividades que toca... E cando acaban as clases, a miúdo temos que levar traballo para facer na casa: os deberes!

Pinta. Busca. Recorta. Escribe. Completa. Copia. Compara... Todo son ordes para cumprir dun día para outro. Os adultos non acostuman levar traballo para a casa. E nós, por que si?

Xa sabemos que os deberes serven para assimilar e aplicar o que aprendemos. Pero ás veces estamos cansos, temos actividades extraescolares ou, incluso, se nos acumula moito traballo.

Verdade que os pais e as nais, despois de traballar oito horas fóra, non teñen ganas de levar máis traballo para a casa todos os días?

Quizais estaría ben non ter tantos deberes!

Uxío O. 4.º B

### 1 Responde estas preguntas.

- Quen asina o texto? \_\_\_\_\_
- A quen cres que se dirixe? \_\_\_\_\_

### 2 Escolle a opción correcta.

- |   |   |
|---|---|
| <input type="checkbox"/> O texto explica unha historia. | <input type="checkbox"/> O texto é un poema.            |
| <input type="checkbox"/> O texto expón unha noticia.    | <input type="checkbox"/> O texto presenta unha opinión. |

**3** Elixe a opción correcta.

- O autor cre que os deberes non deberían existir.
- O autor cre que hai que facer deberes, pero que ás veces son excesivos.
- O autor cre que está moi ben ter deberes.

**4** Cal é a túa opinión sobre este tema? Razona a resposta.

---



---



---

**5** Relaciona co final correcto.

O artigo de opinión...

- ... serve para facer unha previsión sobre un tema.
- ... serve para expresar o punto de vista de alguén sobre un tema.
- ... serve para dar información sobre un tema concreto.

**6** Escolle un tema para facer un artigo de opinión.

- Ordenadores, consolas, móbiles... Facemos un bo uso ou un abuso?
- Temos actividades extraescolares porque nos gustan ou porque o queren os pais?
- Por que veñen a Santiago de Compostela tantos turistas estranxeiros?

**7** Explica a túa opinión sobre o tema que escolliches expoñendo as ideas de maneira ordenada.

---



---



---



---



---

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

## O Etna esperta

O volcán Etna, que se atopa na illa de Sicilia, en Italia, comezou a expulsar lava esta noite de forma espectacular e demostrou que aínda está ben vivo.

Segundo os científicos, de momento non hai perigo para as persoas que viven preto.

O Etna é o volcán máis grande en actividade que hai en Europa. O pasado decembro houbo que pechar o aeroporto de Catania, duran-



te unha semana, por culpa do fume que saía do volcán.

Entre marzo e abril pasados entrou en erupción catro veces. E nas dúas últimas sema-

nes tamén o fixo varias. O sector turístico vese afectado porque se fan cancelacións por medo ás erupcións.

INFO K (novembro do 2007)

### 1 Sinala que tipo de texto liches.

- Instrutivo.       Informativo.       Argumentativo.       Descritivo.

### 2 Responde estas preguntas sobre a noticia.

- Que pasou? \_\_\_\_\_
- Cando e onde pasou? \_\_\_\_\_
- A quen lle pode afectar? \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_
- Cal é o titular da noticia? \_\_\_\_\_
- Cal é a función do titular? \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_
- Que outro elemento acompaña a noticia? \_\_\_\_\_

**3** Sinala as opcións correctas.

- O volcán Etna, que se atopa na illa de Sicilia, en Italia, comezou a expulsar lava pola noite.
- O volcán Etna, que se atopa na illa de Sardeña, en Italia, comezou a expulsar lava pola noite.
- Segundo os científicos, hai perigo para as persoas que viven preto.
- Segundo os científicos, de momento non hai perigo para as persoas que viven preto.
- O Etna é o volcán máis grande en actividade que hai en Europa.
- O Etna é o volcán máis pequeno en actividade que hai en Europa.
- O pasado decembro houbo que pechar o aeroporto de Catania durante unha semana por culpa do fume do volcán.
- O pasado decembro houbo que pechar o aeroporto de Catania durante unha semana por culpa da lava do volcán.



**4** Escolle un tema para redactar unha noticia e anótalo. Pode ser un acontecemento cultural ou deportivo, algo que pasase no colexio ou na túa vila...

---

**5** Escribe a túa noticia respondendo as seguintes preguntas. Non esquezas o titular!

- Que pasou?
- Cando pasou?
- Onde pasou?
- A quen lle pasou?

---



---



---



---



---



---



---

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

MODERADORA: Boa tarde! Benvidos a Opina, o programa de opinión dos xoves en TV 20. Hoxe falaremos da enerxía eólica. É necesaria? É viable? Para falar de todo isto, temos na mesa ao señor Castro, da Plataforma Enerxía Limpa, e a señora Pereira, representante da Asociación de Veciños de Vilalba, onde se quere instalar un parque eólico.

Os DOUS: Boa tarde!

MODERADORA: Señora Pereira, por favor...

SRA. PEREIRA: Desde o meu punto de vista, a enerxía eólica é necesaria, pero hai que ver onde instalamos os aeroxeradores. É inxusto que sexa soamente nalgúns comarcas porque a agricultura, a gandería e o turismo da zona veranse moi prexudicados.



MODERADORA: Señor Castro...

SR. CASTRO: Señora Pereira, os parques eólicos teñen que se colocar nalgún lugar, e parece que a súa comarca é a máis axeitada.

SRA. PEREIRA: Que os poñan no mar! Non na nosa casa!

SR. CASTRO: Pero vostede sabe que instalalos no mar sae moito máis caro!

SRA. PEREIRA: Iso non é culpa nosa!

SR. CASTRO: Nin nosa e, ademais...

SRA. PEREIRA: E ademais nada, non permitiremos que poñan aeroxeradores destes a carón da nosa vila.

MODERADORA: A ver, señora Pereira, pídlle que respecte a quenda de palabra. Agora imos ir á publicidade. Cando volvamos escoitaremos a opinión doutros expertos en enerxía eólica e doutros veciños e veciñas do lugar. Volvemos axiña!

### 1 Responde estas preguntas.

- Onde se celebra o debate? \_\_\_\_\_
- Quen participa? \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_
- Sobre que debaten? \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

**2** Escolle as afirmacións con que esteas de acordo.

- O máis importante nun debate é que cada participante respecte a quenda de palabra e o punto de vista dos demais.
- O máis importante nun debate é que cada participante dea a súa opinión sen respectar a dos demais.
- Nun debate cómpre que cada participante argumente as súas opinións.
- Nun debate podemos falar de calquera tema.

**3** Cres que é importante o papel do moderador nun debate? Explica por que.

---



---



---

**4** Explica se estás de acordo con algunha das posicións que se expresan no debate anterior. Razona a resposta.

---



---



---

**5** Forma grupo con tres persoas e escollede un tema para debater e a vosa posición ao respecto. Realizade o debate e escollede alguén que faga de moderador.

- |   |  |
|---|--|
| <p><input type="checkbox"/> A descarga gratuíta de películas ou música en Internet.</p> | <p><input type="checkbox"/> Ten que se permitir porque a cultura é para todos, independentemente dos medios económicos.</p>  |
| <p><input type="checkbox"/> A liberdade das televisións para emitir o que queiran.</p>  | <p><input type="checkbox"/> Non se debe permitir, porque a música e as películas teñen un propietario que gaña a vida co seu traballo.</p> <p><input type="checkbox"/> Cada canle pode emitir todos os programas que queira e do tipo que queira.</p> <p><input type="checkbox"/> Hai programas moi violentos ou desagradables e cumpriría regular o que se pode emitir e o que non.</p> |



Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

**Venres, 1 de maio de 2016**

Hoxe foi un día de cambio de plans.

Como era festivo e non había colexio, mamá propúxonos a Roi e mais a min saírmos a pasar o día no parque forestal e xantar preto do lago.

A verdade é que xa estamos na primavera e o tempo anda algo cambiante. Tanto chove como vai sol. Pero mamá asegurou que a persoa que dá o tempo dixera na radio que ía ir un día sen chuvia, ideal para saír de camiñada e xantar ao aire libre.

Eu non tiña moi claro que o tempo fose estar tan bo como dicía ela porque mirei pola ventá e vin unhas nubes negras ao lonxe. Pero mamá díxome: «Antía, non veñas augar a festa!»

Roi e mais eu axudámoslle a mamá a preparar a cesta do pícnic e collemos tamén a pelota e unhas toallas.

Por fin saímos preparados; pero nada máis montar no coche, comezou a diluviar.

Que rabia me deu!

Pero ao final, non foi todo tan mal. Montamos o pícnic no salón da casa. Viñeron Rosa, a veciña, e os seus fillos. Non puidemos xogar á pelota, pero xogamos ao parchís, ás cartas e ás adiviñas. Malia non poder ir deica o lago, paseino moi ben.

Mañá direille a mamá que temos que organizar unha saída ao lago con Rosa e cos fillos. Son xeniais!

**1 Responde.**

- Quen escribiu este texto? \_\_\_\_\_
- Cando o escribiu? \_\_\_\_\_
- Por que cres que o escribiu? \_\_\_\_\_

**2 Responde estas preguntas.**

- Que feitos se contan no texto? \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_
- Expressa tamén algún sentimento? \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

**3 Marca as opcións que son verdadeiras.**

- O diario é un tipo de texto que ten como función anotar algo que vai suceder nun futuro.
- Nun diario, cada vez que a persoa escribe, inclúe nel a data.
- Os diarios recollen os pensamentos, as ideas e os feitos que unha persoa anota cada día.
- Os diarios recollen noticias relacionadas co tempo atmosférico.
- Os diarios son textos persoais, que unha persoa escribe para si mesmo, pero tamén existen diarios literarios.

**4 Lembra un dos días desta última semana e escribe algo que che gustaría anotar coma se o fixeses na páxina do teu diario.**

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

**Tres amigos**

—Eu son Martiño —presentouse o outro rapaz, que tiña un aire moi simpático, con eses cabelos tan curtos, cortados coma se fosen un cepillo, e cunhas orellas inmensas, estilo Dumbo—. E teño once anos.

—Eu teño trece e chámome Verónica  
—presentouse a terceira do grupo, unha rapaza de cabelos negros, rizados, e uns ollos tan grandes que parecía un debuxo animado xaponés.

—Pois eu son Tonatiuh e hai unha semana que fixen quince anos —engadiu o que falara primeiro. Semellaba un indio, de pel moi torrada polo sol e cabelos negros, lisos e mestos. Tiña unha boca de beizos grosos.

**1** Sinala que tipo de texto liches. Instrutivo. Preditivo. Argumentativo. Descritivo.**2** Responde estas preguntas.

• Como é Verónica? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

• E Martiño? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

• E Tonatiuh? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

**3** Que se describe maioritariamente destes personaxes, o aspecto físico ou o psicolóxico (carácter, afeccións...)? Responde.

---

**4** Escolle un destes personaxes e imaxina que carácter debe ter.










---

**5** Pensa noutras cuestións relacionadas co personaxe escollido e responde.

- É un bo ou un mal estudante? \_\_\_\_\_
- Que relación ten cos compañeiros? \_\_\_\_\_
- Que lle gusta facer para divertirse? \_\_\_\_\_

---

**6** Escribe, finalmente, a descrición do personaxe: invéntalle un nome e explica como é física e psicolóxicamente.

---



---



---



---



---



---



---



---



---



---

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_



### 1 Responde estas preguntas.

- Cantas viñetas hai? \_\_\_\_\_
- Que personaxes saen nelas? \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_
- Onde se recollen as palabras dos personaxes? \_\_\_\_\_
- Todos os globos son iguais? \_\_\_\_\_ Por que? \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_
- Onde se escriben as palabras do narrador? \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

**2** Explica que son as onomatopeas e di cales se utilizan neste cómic.

---

---

---

**3** Escribe un texto narrativo que explique o mesmo que pasaba no cómic anterior. Usa guións para introducir as palabras dos personaxes.

---

---

---

---

---

---

---

---

**4** Transforma nun cómic este chiste ou outro que che guste. Intenta facer polo menos dúas viñetas e usar diversos tipos de globos e onomatopeas.

Un home que paseaba pola beira dun lago caeu dentro. Comeza a berrar:

–Auxilio! Valédeme! Non sei nadar!

Outro home que o miraba respóndelle:

–Ben, eu tampouco, pero eu non o vou berrando por aí...

